

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue gradient. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines. Each node contains a small white silhouette of a person. The text 'PLAN DIXITAL' is written in large, white, bold, sans-serif capital letters across the middle of the image.

PLAN DIXITAL

CEIP Illa Verde

xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

Datos básicos do centro

Centro: CEIP Illa Verde.

Código: 27016729

Enderezo: rúa Roi Xordo Nº 2. 27002 Lugo

Tfno. 982828144

Mail: ceip.illaverde@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipillaverde/>

Etapas educativas: Educación Infantil (6 unidades) e Primaria (13 unidades)

Nº Alumnado: 472

Nº Profesorado: 32

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

No PEC remarcase como un dos obxectivos a potenciación das novas tecnoloxías. De feito, no noso centro levamos anos apostando por un proceso de dixitalización en diversos aspectos: equipamentos, formación do profesorado, participación en diversos proxectos para mellorar as habilidades dixitais do alumnado, etc.

En canto a formación do profesorado levamos desde o curso 15/16 tendo un itinerario de formación en TICs dentro do noso PFPP. Dentro deste itinerario aparte de formación xeral en novas tecnoloxías abordamos varios cursos específicos para manexo da aula virtual, todo o relativo a edixgal e tamén unha liña específica de robótica durante 5 anos.

Fomos, no seu momento, o 1º centro de EP en adherirse ao Clube da Ciencia; participamos no programa de introdución a robótica en EP durante varios cursos, estamos desenvolvendo o proxecto de DigiCraf, levamos 4 cursos co programa Edixgal...

Breve xustificación do mesmo

O plan dixital é un instrumento de planificación que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Tal e como se indica na Guía de Elaboración do Plan Dixital de INTEF, este debe ser “o instrumento que adapta e facilita o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado”. Para iso, engade, “é fundamental dar un enfoque de centro no uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e

recursos dispoñibles, para que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dá coherencia e oriente o uso das tecnoloxías”.

O referente fundamental é o marco europeo para organizacións educativas competentes dixitalmente (DigCompOrg).

Este plan concíbese como un documento vivo que recolle os acordos acadados no centro respecto dos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión do recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón o compromiso de toda a comunidade educativa.

Normativa que tomamos como referente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración

O 1º paso para a elaboración deste Plan foi a creación dun equipo de dinamización do que formaba parte as persoas coordinadoras de ciclo xunto coa xefatura de estudos e a dirección do centro.

En primeiro lugar realizamos o SELFIE para organizar a información segundo as áreas que se recollen nesta ferramenta de autoavaliación:

- A. Liderado.
- B. Colaboración e redes.
- C. Infraestrutura e equipos.
- D. Desenvolvemento profesional continuo.
- E. Pedagogía: apoios e recursos
- F. Pedagogía: implementación na aula.
- G. Prácticas de avaliación.
- H. Competencias dixitais do alumnado.

Despois realizouse o test CDD sobre a competencia dixital do profesorado.

A partir dos resultados do SELFIE realizamos a análise DAFO para ver as debilidades e fortalezas (internas) e as ameazas ou oportunidades (externas).

A partir do informe DAFO fixemos o plan de acción no que marcamos os obxectivos e as accións a realizar no vindeiro curso académico.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura xeral do centro:

Conectividade:

- Conexión a internet por cable en todas as dependencias do centro.
- Conexión wifi edu.xunta.es en todas as dependencias do centro.
- Conexión wifi rede abalar en catro aulas.

Equipamento dispoñible:

- 4 aulas equipadas con equipos E-dixgal.
- 108 portátiles de Edixgal para o alumnado.
- 9 portátiles para o profesorado que imparte en aulas Edixgal.
- 15 portátiles do programa "Educa en Dixital Galicia" para o alumnado.
- 17 aulas equipadas con Pc de sobremesa, proxector e pizarra dixital. Destas 17 pizarras, 12 foron proporcionadas pola consellaría habendo 4 que fallan frecuentemente.
- 2 proxectores (aula música, sala de xuntas e sala de usos múltiples).
- Biblioteca: un portátil para xestión.
- 4 PCs para dirección, xefatura de estudos, secretaría e administrativa.

Servizos dixitais educativos:

- Páxina web do centro.
- Aula virtual con todo o alumnado do centro matriculado no seu curso correspondente.
- 4 aulas E-dixgal.
- Abalar móbil.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

- Contratado coa empresa privada Redes.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,6				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	4,3				

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	24	33,3%
PROVISIONAL	5	6	83,3
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	8	13	83,3%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia
76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	59,3	Integrador/a (B1)		

EP	76,8	Integrador/a (B1)		
----	------	-------------------	--	--

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	11	50%
B1	6	27,3%
B2	3	13,6%
C1	2	9,1%
TOTAL	22	100%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<p>1. Todas as aulas do centro dispoñen de acceso a internet, pc e pantalla dixital.</p> <p>2. Dispoñemos de dispositivos dixitais para o alumnado con nee.</p> <p>3. Dispoñemos de ordenadores para préstamo ao alumnado máis desfavorecido.</p>	<p>1. Carencia de espazos físicos que faciliten a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (fóra das aulas abalar).</p> <p>2. Non hai dispositivos dixitais para ou uso polo alumnado de 1º e 2º ciclos.</p> <p>3. Non se proporcionan claves wifi oficiais a todos os alumnos de Primaria porque non existe cobertura wifi.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>1. Boa disposición por parte do profesorado a formarse en novas tecnoloxías.</p> <p>2. A baixa idade do profesorado definitivo que está chegando ao centro nos últimos concursos.</p>	<p>1. Falta de concienciación no profesorado da necesidade dun ensino dixital.</p> <p>2. Reticencias dunha parte do profesorado a implementar na súa aula as TIC.</p> <p>3. Falta de formación dunha boa parte do profesorado (segundo o test CDD o 50% do profesorado participante ten un nivel de Explorador A2).</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. O alumnado de 3º ciclo aprende crear contidos dixitais para diferentes materias, a comunicarse usando tecnoloxías dixitais, a atopar información fiable e precisa empregando internet...</p>	<p>1. Escasa utilización de tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>2. Escasa utilización de tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida observar o traballo dos compañeiros.</p> <p>3. O alumnado precisa desenvolver habilidades dixitais para o uso eficiente dos dispositivos.</p>

	FAMILIAS	1.A inmensa maioría do alumnado dispon de conxión a internet no seu fogar.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.Aposta do equipo directivo pola implantación de plans de innovación educativa. 2.Levamos varios cursos desenvolvendo seminarios sobre TICs no PFPP. 3.Dentro do horario lectivo contéplase un tempo adicado á comunicación. 4. No centro temos previstos os medios necesarios para a aprendizaxe mixta a través de Edixgal e da AV.	1.Falta dunha extratexia dixital. 2.Falta de debates no centro sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino con tecnoloxías dixitais. 3.Falta dunha avaliación sistematizada sobre os progresos no ensino con tecnoloxías dixitais. 4.No centro non dispoñemos de bibliotecas ou repositorios con materiais dixitais. 5.Falta de proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxías dixitais. 6. Escasa colaboración con outros centros.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.Aparente aposta da consellaría pola promoción e desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. 2.Posibilidade de acollerse a plans da consellaría como os espazos maker, etc.	1.Falta de información/concienciación sobre as necesidades de levar adiante este plan. 2.Falta de tempo, dentro do horario lectivo, para o intercambio de experiencias e a elaboración de materiais comúns. 3.Falta de información por parte da administración dos obxectivos que se perseguen con este plan. 4.É algo que se impón sen concienciar antes ao profesorado da súa necesidade. 5.Os materiais do proxecto EDIXGAL son de moi baixa calidade pedagóxica polo que o profesorado se ve obrigado a elaborar os seus propios recursos. 6,Falta de recursos económicos suficientes para fornecerse dun bo equipamento de dispositivos dixitais.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		

	ANPA	1.Boa disposición da ANPA para colaborar en todo o que se lles solicita.	

3. Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Obxectivos deste plan a longo prazo:

- Facilitar a integración e desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizara xestión e os recursos humanos e materiais dos que dispón o centro.
- Promover o uso de ferramentas de avaliación e diagnose respecto a competencia dixital.
- Mellorar a competencia dos membros da comunidade educativa para converter o noso centro nunha organización dixitalmente competente nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

A curto prazo, e tendo como referente a análise DAFO, establécense para o curso 2022-23 dúas áreas de acción prioritarias para cada unha das cales marcamos un obxectivo a conseguir:

Área: A. Liderado

Obxectivo: Diseñar unha estratexia dixital para o centro. (A1)

Área: H. Competencias dixitais do alumnado.

Obxectivo: Mellorar as habilidades dixitais do alumnado de 2º ciclo en diferentes materias. (H10)

As accións a desenvolver para acadar estes obxectivos xunto coa temporalización dos mesmos e os recursos necesarios, están especificados nas táboas do Plan de acción.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento.

- 2 proxectores e 2 pizarras dixitais para aulas ordinarias.
- 4 PCs para repoñer aqueles que teñen máis de 12 anos.
- 4 proxectores para repoñer os que están en mal estado.
- 4 PCs para a sala de xuntas.
- 1 pack completo para a aula de música (pc + proxector + PDI)
- 6 Pcs para uso do alumnado na biblioteca.
- 6 mesas de luz grandes para as aulas de EI
- 4 tablets para o profesorado de PT e AL.
- 50 tablets para montar rincóns TIC nas aulas de EI e 1º Ciclo de EP.
- 1 Mesa táctil MultiCLASS Touch Table (orientable vertical-horizontal) para docencia e traballos en grupo.
- 4 Visualizadores ou cámara de documentos para aulas Edixgal(Ex: MultiCLASS Visor).
- 1 Impresora 3D.
- 1 Mini proxector portátil HD ou 4K sen fíos e con conectividade plena.
- 1 Pantalla portátiles de proxección (despregable e con trípode).
- 2 Altosfalantes portátiles sen fíos e con conectividade.
- Punteiros dixitais láser (uso educativo).

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

ÁREA/S DE MELLORA		A. LIDERADO				
OBXECTIVO 1	Deseñar unha estratexia dixital para o centro. (A1)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable	Grupo de traballo encabezado pola persoa responsable do do PD					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Documento coa estratexia creada aprobado polo Claustro e o Consello Escolar					
Valor de partida	Inexistencia de estratexia concreta.					
Valor previsto	Existencia dunha estratexia concreta para o centro.	Data Prevista	30-06-2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo para debate e elaboración de documentos.	Xefatura de estudos	Setembro 2022	Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Nomeamento dunha persoa coordinadora do grupo de traballo con liberación horaria.	Dirección	Setembro 2022	Dirección e xefatura de estudos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Análise da situación de partida en canto a: as TIC nos documentos institucionais do centro; políticas do centro en	Grupo de traballo + equipo directivo	Decembro 2022	- Membros do grupo de traballo. - Documentos do centro. - Horario para reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.4. Elaboración dun protocolo sobre uso de software, plataformas externas, seguridade, canles de comunicación cos familia...	Grupo de traballo + equipo directivo	Abril 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Membros do grupo de traballo. - Horario para reunións. - Espazo colaborativo online 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5. Elaboración dun plan extratexico de actuación no que tamén se recolla o protocolo anterior.	Grupo de traballo + equipo directivo	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Membros do grupo de traballo. - Horario para reunións. - Espazo colaborativo online 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.6. Aprobación do documento elaborado por parte do Claustro e o Consello Escolar.	Dirección	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ÁREA/S DE MELLORA		H. Competencias dixitais do alumnado.			
OBXECTIVO 2		Mellorar as habilidades dixitais do alumnado de 2º ciclo en diferentes materias. (H10)			Acadado
					Non acadado
Responsable		Xefatura de estudos			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Nº de sesións nas que se empregaron recursos dixitais.			
Valor de partida		0 sesións			
Valor previsto		20 sesións cada grupo.		Data Prevista	Xuño 2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Buscar un lugar no que almacenar os dispositivos de reposto do programa “Educa en Dixital Galicia” .	Equipo directivo	Setembro 2022	Local / armario Ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Elaborar un calendario co uso dos dispositivos por parte de cada clase.	Xefatura de estudos	Setembro 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Facer unha programación no que se marquen uns contidos a desenvolver e uns obxectivos a conseguir.	Coordinación de ciclo	Setembro 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.4: Facer uso da aula virtual para certas actividades da clase.	Profesorado do ciclo.	Xuño			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Como mínimo unha vez ao trimestre realizarase unha xuntanza do equipo de dinamización do PD para valorar o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A final de curso farase unha valoración do grado de consecución dos obxectivos propostos e unha proposta dun novo plan de acción para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

Unha vez informado o Claustro e aprobado polo Consello Escolar o PD será publicado na web do centro.